



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de IDIOMAS APLICADOS AO CANTO

curso 2020/2021



PROFESORAS: AIDA LÓPEZ CARRERA
DIANA SOMKHIEVA





Índice

1	Introdución.....	3
2	Metodoloxía.....	6
3	Atención á diversidade.....	7
4	Temas transversais.....	7
	4.1 Educación en valores.....	7
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	8
5	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	9
6	Secuenciación do curso.....	11
1	Secuenciación do curso.....	11
	6.1 Curso: 1º G.P.....	11
1	Secuenciación do curso.....	17
	6.2 Curso: 2º G.P.....	17
2	Secuenciación do curso.....	22
	6.3 Curso: 3º G.P.....	22
3	Secuenciación do curso.....	28
	6.4 Curso: 4º G.P.....	28
4	Secuenciación do curso.....	33
	6.5 Curso: 5º G.P.....	33
5	Secuenciación do curso.....	39
	6.6 Curso: 6º G.P.....	39
7	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	44
8	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	45
9	ANEXOS.....	46
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	46
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	46
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	46





1 Introducción

▪ Marco Legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.





- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

▪ Características do centro

A cidade de Santiago de Compostela, na que se sitúa este conservatorio conta na actualidade no seu ámbito musical con unha Orquestra Sinfónica profesional, a Real Filarmonía de Galicia, con un nivel moi alto e unha programación estable coa súa sé no Auditorio de Galicia, unha sala de concertos que atrae actuacións de gran calidade ao longo do ano e que fai que a cidade conte con unha programación musical





estable. Conta tamén con unha Banda de Música Profesional, A Banda de Música Municipal de Santiago de Compostela, e outras agrupacións non profesionais como o Orfeón Terra Nosa, a Orquestra da USC, etc.

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

- A suspensión no pasado curso académico 2019/2020 das clases presenciais derivada do Estado de Alarma decretado polo Goberno de España para afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo Covid-19, fixo que o desenvolvemento do terceiro trimestre tivese lugar nun marco de flexibilidade respecto aos obxectivos e aos contidos previstos na programación didáctica. Seguindo as Instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, incorpóranse na programación do presente curso medidas que garantan a consecución dos obxectivos e contidos que a situación excepcional do curso 2019-2020 dificultou.

- Características do alumnado

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno máis próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno máis afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca,





Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro.

Todo isto da lugar a unha grande heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc., aspectos a ter en conta na organización do centro e na elaboración das programacións didácticas.

A suspensión no pasado curso académico 2019/2020 das clases presenciais derivada do Estado de Alarma decretado polo Goberno de España para afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo Covid-19, fixo que o desenvolvemento do terceiro trimestre tivese lugar nun marco de flexibilidade respecto aos obxectivos e aos contidos previstos na programación didáctica. Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación, incorpóranse na programación do presente curso medidas que garantan a consecución dos obxectivos e os contidos que a situación excepcional do curso 2019-2020 dificultou.

Actividade non presencial: Cando por motivos de seguridade non se puidese asistir presencialmente as clases e o seguimento do alumnado realizárase polos medios telemáticos que o profesorado considere máis adecuado a esta materia.

2 Metodoloxía

Dotarase ao alumno dos coñecementos básicos sobre fonética e estruturas gramaticais básicas para a tradución de textos, a través de material didáctico que poida empregar de



xeito autónomo e co cal poida realizar traducións de partituras do repertorio, así como traducións de artigos sobre o canto.

Traballos didácticos:

- a Lectura detida dos textos.
- b Tradución de textos cantados. Tradución do repertorio do alumno.
- c Declamación dos textos cantados.
- d Interpretación cantada do mesmo atendendo á pronunciación correcta.
- e Audición comentada por diferentes intérpretes, de distintas nacionalidades, da obra traballada.
- f Estudo da lingua mediante soporte audiovisual.

Estratexias de aprendizaxe:

Técnicas de estudo fundamentais na aprendizaxe dunha lingua estranxeira: manexo do dicionario e outros libros de consulta, técnicas de lectura, técnicas de comprensión auditiva, etc

3 Atención á diversidade

Teremos en conta a atención a diversidade nas actividades realizadas na clase cando nos encontramos cos seguintes casos:

-Alumnado extranxeiro: Tendo en conta as dificultades que lle poden xurdir acerca da comprensión. –

Superdotación intelectual: Axudarlles a integrarse deixando claro en todo momento a finalidade dos exercicios a realizar e o obxectivo que se pretende conseguir.

-Discapacidade física: Ver si é necesaria algunha adaptación no espazo libre ou calquera tipo de recurso material que facilite a adaptación.

Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo Teremos en conta os alumnos que presenten algún tipo de discapacidade psíquica e ver se é preciso facer algún tipo de



adaptación curricular para axustarse as capacidades do alumno. Debido a isto cobra especial importancia a avaliación inicial que realizaremos ao inicio do curso, tratando de coñecer as características individuais de cada alumno/a, tendo en conta os informes individuais do curso anterior coa finalidade de detectar as carencias e necesidades particulares do alumnado e identificar o máis prematuramente posible as medidas de atención precisas.

4 Temas transversais

4.1 Educación en valores

Posto que o instrumento vocal é o propio corpo e este sempre terá unhas características específicas para cada alumno, será ineludible ter en conta no seu ensino que esta, non é unha disciplina exclusivamente musical senón que haberá que considerar a unidade psicofísica que conforma a cada alumno, tendo en conta os aspectos anatómico-funcionais e fisiolóxicos.

Será tamén o momento de poñer en xogo a iniciativa persoal do alumno, cara á experimentación propia, como tamén á ampliación de coñecementos de historia da música vocal e de fisioloxía da voz. Aínda que ata agora teremos fomentado a lectura mediante a esixencia da elaboración de traballos teóricos, será fundamental que o alumno se faga consciente de que non é posible chegar a ser un intérprete de calidade, por moita técnica vocal que teña e aínda cunha intuición musical fora do común, se ademais non se ten unha gran cultura musical e xeral. Tamén tentaríamos de conseguir ata aquí que o alumno sexa consciente de que o seu instrumento é o propio corpo e que este haberá que mantelo san, mediante a alimentación adecuada para cada un e o logro da inclusión de medidas de hixiene vocal nos hábitos cotiáns. Tentaremos, doutra banda, de que se consolide como hábito, a práctica dalgunha actividade física, a que lle vaia mellor





Doutra banda, malia que, lamentablemente, non existen no currículo de grado profesional, as clases colectivas de canto, fomentaremos desde o principio a participación en grupo, esixindo como mínimo a preparación dun dúo, terceto, etc. co fin de que o alumno integre os beneficios do traballo grupal. O contacto co público tamén o estimularemos desde un comezo, a través das audicións, posto que é necesario para que cobre sentido este tipo de aprendizaxe artística, cuxo fin último non deixa de ser a comunicación.

Concienciar ao alumnado do respecto ás medidas hixiénico-sanitarias recomendadas polas autoridades para evitar a propagación e o contaxio do Covid-19 no noso centro.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe de contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede pode ser unha fonte de información importante para realizar calquera consulta ou realizar a busca de libros especializados ou arquivos de audio para levar a práctica os coñecementos teóricos de fonética.

1. Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sexa con fins didácticos e así se teña recollido na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).

2. Non se permite o uso na aula ou fora dela de ningún programa ou aplicación informática que recopile ou faga uso de calquer dato do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguemento) agás CENTROSNET e TOKAPP, e a súas aplicación para dispositivos móbiles.

3. Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non recopile nin faga uso de calquer dato do alumnado (metrónomo, afinador, etc.), se dita





aplicación se así se recolle na Programación Didáctica da materia correspondente (apartado referente as TICs).

4. Para o uso de calquer outro programa ou aplicación informática do que non se faga mención na programación didáctica correspondente ou recopile ou faga uso de algún dato de carácter persoal ou referente ao seguemento ou avaliación do alumnado, deberáse pedir autorización expresa a cada alumno ou alumna, ou aos seus titores legais, de ser o caso.

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Será de particular interese a asistencia dos alumnos a concertos- recitais online , para iso tratarase de promovelos mediante a información dos máis interesantes; t,amén se informará de cursos de perfeccionamento relacionados coa materia, seminarios, conferencias, etc. Debido á situación sanitaria por mor da Covid 19, serían online.

Será o momento, tamén, de introducir en maior medida o coñecemento de técnicas teatrais que posibiliten unha maior caracterización dramática dos seus personaxes, para iso se fomentará a visualización en vídeo de grandes intérpretes, tanto en recital como en interpretacións escenificadas. Propoñerase ao alumno que complemente a súa formación neste eido, mediante a participación en actividades extraescolares, que poidan desenvolverse na cidade, sobre todo para aqueles que desexen continuar os seus estudos superiores, nos que se inclúen as materias de técnica corporal e escena lírica.

Audicións comentadas de *grandes interpretes*

Neste curso todas estas actividades se adaptarán ás instrucións das autoridades e ás directrices que o centro estableza en relación á situación do Covid-19





6 Secuenciación do curso

1 Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º G.P

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer a fonética da lingua podendo pronunciar correctamente calquera texto escrito en italiano, facendo especial fincapé no correcto uso das consonantes dobres e na diferenciación de fonemas como “v”- “b” e “s”-“z”, etc.
- Coñecer a gramática básica necesaria para a comprensión de mensaxes orais e escritos sinxelos.
- Coñecer un vocabulario básico xeneral e vocabulario e paráfrasis máis frecuentes nos textos do repertorio lírico.
- Poder traducir textos do repertorio en italiano que cada alumno abarca nas súas clases de canto, con axuda dun dicionario bilingüe.
- Valorar a importancia da lingua dentro dun texto cantado.
- Cantar o repertorio en italiano, integrando a fonética xusta do idioma, articulación, fraseo, etc., coa técnica vogal, sen que unha vaia en detrimento da outra.
- Ler, dándolles sentido e expresión, textos escritos dun nivel adecuado á capacidade do alumno.

Neste curso canceláanse todos os concertos e audicións, no caso de docencia non presencial valorarase a través do traballo de clase e gravacións.

6.1.2 Contidos

- Interpretación de textos cantados (tres trimestres)





- Lectura, fonética e interpretación de partituras dos repertorios de canto dos alumnos e doutras cancións italianas.
- Tradución, comentario do texto, de partituras dos repertorios de canto dos alumnos e doutras cancións italianas con axuda de dicionario.

Neste curso canceláanse todos os concertos e audicións, no caso de docencia non presencial valorarase a través do traballo de clase e gravacións.

Criterios de avaliación

Entenderase que o alumno/a aprobou a materia cando superase satisfactoriamente o 50% dos exercicios correspondentes ao total dos contidos.

Mínimos esixibles

1º Trimestre

- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonolóxico.
- Comprensión global dos textos poético-literarios básicos e coñecementos do seu contexto histórico, cultural e artístico.

2º Trimestre

- Tradución tan fidedigna como sexa posible do repertorio.
- Adestramento das destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento e diferenciación auditiva das fonemas, pronuncia correcta, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético)

3º Trimestre

- Entoación: pautas básicas





- O contido léxico abranguerá o vocabulario activo e pasivo necesario para desenvolver adecuadamente os contidos funcionais-comunicativos recollidos no repertorio do 1º curso de canto.
- Vocabulario recorrente en poesía e música básico

Procedementos e ferramentas de avaliación

A asistencia con boa actitude e participación ás clases, que, polo seu enfoque participativo e práctico, e vivamente recomendada, proporcionará ó profesor suficientes elementos de **avaliación contínua, interpretación de ARIAS E CANCIÓNS EN ITALIANO, aínda** que se preven, se é necesario, **exercicios e probas de control trimestral ou periódicos ou un test final de avaliación global** para medir o progreso e traxectoria dos alumnos durante os tres procesos de avaliación e a rentabilidade das estratexias de ensinanza e aprendizaxe utilizadas no traballo teórico-práctico realizado polo docente.

Os resultados da avaliación final serán recibidos polo alumno trimestralmente. O último trimestre e a calificación final serán coincidentes, fruto da avaliación contínua.

Criterios de cualificación

- LER DE XEITO AUTÓNOMO UN TEXTO LITERARIO MUSICAL EN ITALIANO.**





Avalíase a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.

PONDERACIÓN: 20%

b CANTAR DE MEMORIA PRONUNCIANDO CORRECTAMENTE O TEXTO DAS PARTITURAS DO REPERTORIO DO ALUMNO.

Avalíase o dominio do alumno en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.

PONDERACIÓN: 40%

c TRADUCCIÓN DE TEXTO.

Avalíase a capacidade do alumno de comprender e traducir textos sinxelos adecuados ao nivel do curso e escritos na lingua obxecto de estudo, con axuda dun dicionario se fose necesario.

PONDERACIÓN: 40%

Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.





6.1.3 Medidas de recuperación

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación, neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Un exame consistente na lectura e traducción libre con dicionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto. Ademáis deberán entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.





• Asimesmo, deberán facer una proba teórica consistente en exercicios escritos cos contados correspondentes ó trimestre ou trimestres que perderon.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Exame de lectura e traducción libre e traballo de fonética/dicción puntuado del 1 ao 10. Ponderación del 60%.
- Exame de proba teórica puntuado del 1 ao 10. Ponderación del 40%.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

O procedemento será unha proba no mes de setembro que consistirá en:

- Un exame consistente na lectura e traducción libre con diccionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto. Ademais deberán entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto
- Asimesmo, deberán facer una proba teórica consistente en exercicios escritos cos contados correspondentes ó trimestres que perderon.

Criterios de cualificación:

- Exame de lectura e traducción libre e traballo de fonética/dicción puntuado del 1 ao 10. Ponderación del 60%.
- Exame de proba teórica puntuado del 1 ao 10. Ponderación del 40%.



6.1.4 Recursos didácticos

Será necesario dispoñer dun aparato de reprodución de vídeo e audio. Calquera gramática e dos editados para uso escolar.

- Partituras e obras traballadas ou por traballar polos alumnos/as durante o curso académico na materia de Canto.
- Óperas representativas de diferentes períodos na lingua a estudar en calquera formato de vídeo para o seu visionado na aula.

1 Secuenciación do curso

6.2 Curso: 2º G.P

6.2.1 Obxectivos

- a Adquirir maior autonomía na tradución correcta de textos do repertorio en italiano que cada alumno abarca nas súas clases de canto así como textos literarios e de ensaio.
- b Ler e declamar correctamente calquera texto dándolle sentido.
- c Cantar repertorio en italiano integrando a fonética xusta do idioma, articulación, fraseo, etc., coa técnica vogal, sen que unha vaia en detrimento da outra.

6.2.2 Contidos

- Interpretación de textos cantados (tres trimestres)
- Lectura, fonética e interpretación de partituras dos repertorios de canto dos alumnos e doutras cancións italianas.
- Tradución, comentario do texto, de partituras dos repertorios de canto dos alumnos e doutras cancións italianas con axuda de dicionario.





6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Entenderase que o alumno/a aprobou a materia cando superase satisfactoriamente o 50% dos exercicios correspondentes ó total dos contidos.

Mínimos esixibles

1º Trimestre

- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonolóxico.
- Comprensión global dos textos poético-literarios básicos e coñecementos do seu contexto histórico, cultural e artístico.

2º Trimestre

- Tradución tan fidedigna como sexa posible do repertorio.
- Adestramento das destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento e diferenciación auditiva das fonemas, pronuncia correcta, aplicación á fonética cantada, coñecemento das regras do sistema fonético).

3º Trimestre

- Entoación: pautas básicas
- O contido léxico abranguerá o vocabulario activo e pasivo necesario para desenvolver adecuadamente os contidos funcionais-comunicativos recollidos no repertorio do 1º curso de canto.
- Vocabulario recorrente en poesía e música básico





Procedementos e ferramentas de avaliación

A asistencia con boa actitude e participación ás clases, que, polo seu enfoque participativo e practico, e vivamente recomendada, proporcionará ó profesor suficientes elementos de **avaliación contínua**, fundamentalmente **nas audicións trimestrais resultado da intepretación de arias e cancións en italiano**, **aínda** que se preven, se é necesario, **exercicios e probas de control trimestral ou periódicos ou un test final de avaliación global** para medir o progreso e traxectoria dos alumnos durante os tres procesos de avaliación e a rentabilidade das estratexias de ensinanza e aprendizaxe utilizadas no traballo teórico-práctico realizado polo docente.

Neste curso canceláanse todos os concertos e audicións, no caso de docencia non presencial valorarase a través do traballo de clase e as gravacións

Criterios de cualificación

a LER DE XEITO AUTÓNOMO UN TEXTO LITERARIO MUSICAL EN ITALIANO.

Avalíase a capacidade de relacionar os coñecementos do idioma co contido e tratamento musical.

PONDERACIÓN: 20%

b CANTAR DE MEMORIA PRONUNCIANDO CORRECTAMENTE O TEXTO DAS PARTITURAS DO REPERTORIO DO ALUMNO.

Avalíase o dominio do alumno en relación coas destrezas fonéticas adquiridas.

PONDERACIÓN: 40%

c TRADUCCIÓN DE TEXTO.





Avalíase a capacidade do alumno de comprender e traducir textos sinxelos adecuados ao nivel do curso e escritos na lingua obxecto de estudo, con axuda dun dicionario se fose necesario.

PONDERACIÓN: 40%

Neste curso canceláanse todos os concertos e audicións, no caso de docencia non presencial valorarase o traballo de clase e as gravacións

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avaliación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

6.2.4 Medidas de recuperación





Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proa cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

- Un exame consistente na lectura e traducción libre con dicionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto. Ademáis deberán entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto dese trimestre.
- Asimesmo, deberán facer una proba teórica consistente en exercicios escritos cos contados correspondentes ó trimestre ou trimestres que perderon.





Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Exame de lectura e traducción libre e traballo de fonética/dicción puntuado del 1 ao 10. Ponderación del 60%.
- Exame de proba teórica puntuado del 1 ao 10. Ponderación del 40%.

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

Probas extraordinarias de setembro

O procedemento será unha proba no mes de setembro que consistirá en:

- Un exame consistente na lectura e traducción libre con diccionario dunha obra musical escrita no idioma correspondente na que terán que demostrar os seus coñecementos fonéticos e de dicción axeitada ó canto. Ademais deberán entregar a transcripción fonética e traducción libre das obras do repertorio de canto.

- Asimesmo, deberán facer una proba teórica consistente en exercicios escritos cos contados correspondentes ó trimestres que perderon.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

- Exame de lectura e traducción libre e traballo de fonética/dicción puntuado del 1 ao 10. Ponderación del 60%.
- Exame de proba teórica puntuado del 1 ao 10. Ponderación del 40%.





6.2.5 Recursos didácticos

Será necesario dispoñer dun aparato de reprodución de vídeo e audio. Coma libros de texto empregaranse a modo orientativo os seguintes:

- Calquera gramática e dicionario dos editados para uso escolar.
- Partituras e obras traballadas ou por traballar polos alumnos/as durante o curso académico na materia de Canto.
- Óperas representativas de diferentes períodos na lingua a estudar en calquera formato de vídeo para o seu visionado na aula.

2 Secuenciación do curso

6.3 Curso: 3º G.P

6.3.1 Obxectivos

- a Adquirir unha pronunciación correcta da lingua alemá standard.
- b Utilizar dicionarios de fonética como apoio a unha lectura correcta dos textos que se van cantar.
- c Interpretar as distintas posibilidades de entoación dunha oración en alemán.
- d Pronunciar correctamente os textos das partituras en alemán do repertorio do alumno.
- e Proporcionar ao alumno os medios necesarios que lle permitan comprender e empregar correctamente o idioma alemán, tanto escrito como falado.
- f Cantar, pronunciando correctamente, respectando a técnica da impostación da voz sen que un aspecto vaia en detrimento do outro.
- g Traducir todos os textos do repertorio lírico de cada alumno.





Neste curso canceláanse todos os concertos e audicións, no caso de docencia non presencial valorarase a través do traballo de clase e as gravacións de audios e videos

6.3.2 Contidos

- Na primeira etapa usaranse como base as cancións achegadas polos profesores de canto. Os alumnos coñecerán algúns campos semánticos relacionados con cancións e óperas por exemplo: sentimentos (amor e odio), morte, música, guerra, familia, natureza, relixión, monarquía, etc. Para apoiar a comprensión dos textos cantados.

6.3.3 Avaliación

Criterios de avaliación

Entenderase que o alumno/a aprobou a materia cando superase satisfactoriamente o 50% dos exercicios correspondentes ó total dos contidos.

Mínimos esixibles

1º Trimestre

- Utilización do repertorio individualizado para a adquisición e realización automatizada do sistema fonolóxico.
- Comprensión global dos textos poético-literarios básicos e coñecementos do seu contexto histórico, cultural e artístico.

2º Trimestre

- Tradución tan fidedigna como sexa posible do repertorio.

3º Trimestre

- Adestramento das destrezas fonéticas (articulación, emisión correcta, recoñecemento e diferenciación auditiva das fonemas, pronuncia correcta, aplicación á fonética cantada).





- Entoación: pautas básicas

Procedementos e ferramentas de avaliación

A asistencia con boa actitude e participación ás clases, que, polo seu enfoque participativo e practico, e vivamente recomendada, proporcionará ó profesor suficientes elementos de **avaliación continua**, fundamentalmente **nas audicións trimestrais resultado da interpretación de LIEDER EN ALEMAN**, **aínda** que se prevén, se é necesario, **exercicios e probas de control trimestral ou periódicos ou un test final de avaliación global** para medir o progreso e traxectoria dos alumnos durante os tres procesos de avaliación e a rentabilidade das estratexias de ensinanza e aprendizaxe utilizadas no traballo teórico-práctico realizado polo docente.

Os resultados da avaliación final serán recibidos polo alumno trimestralmente. O último trimestre e a cualificación final serán coincidentes, fruto da avaliación continua, neste curso canceláanse todos os concertos e audicións, no caso de docencia non presencial valorarase a través do traballo de clase e as gravacións de audios e videos

Cráterios de cualificación

a ANÁLISE E LECTURA DE TEXTOS MUSICAIS.

Avaliarase así o progreso do alumno a comprensión da fonética e a adecuación á produción oral lida dos mesmos.

PONDERACIÓN: 40%

b MEMORIZACIÓN DE TEXTOS, RECITACIÓN E INTERPRETACIÓN CANTADA.

Analizarase así a comprensión dos textos e a súa aplicación ao canto.

PONDERACIÓN: 50%





c **TRADUCCIÓN DE TEXTOS CON DICCIONARIOS BILINGÜES.**

Avaliarase así o progreso do alumno nas súas capacidades para traducir e así poder entender os textos que cantará posteriormente.

PONDERACIÓN: 10%

Neste curso canceláanse todos os concertos e audicións. Valorarase a través da gravación de vídeo

Crterios para a concesión de ampliación de matrícula

As ampliacións de matrícula serán propostas como norma xeral por iniciativa do titor, unha vez consultado todo o profesorado que teña docencia co alumno/a, e estará reservada, por unha parte, para aqueles casos en que se considere que a permanencia no curso e que está matriculado/a pode representar un conflito no desenvolvemento da aprendizaxe e por outra, terá que preverse que a ampliación non suporá un problema no desenvolvemento normal do curso ao que accede.

Para a súa tramitación, será o titor o que o comunique a xefatura de estudos, e a avalaiación realizarase nos prazos acordados en CCP de comezo de curso.

E preciso ter superado todas as materias para proceder a ampliación de matrícula.

A programación que se esixirá será a que se expón para o curso no que esté matriculado inicialmente.

6.3.4 Medidas de recuperación





Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

